# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 32016273 | IES Xesús Ferro Couselo | Ourense | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua castelá e literatura | 1º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 25 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 25 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 25 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 26 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 27 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 28 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 29 |
| 7.2. Actividades complementarias | 29 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 30 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 31 |
| 9. Outros apartados | 31 |

## 1. Introdución

A programación didáctica de Lingua castelá e literatura para o curso 2023-24 constrúese segundo o disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria e no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
O valor da nosa materia na ESO reside en dotar ao alumnado de recursos e de estratexias que permitan desenvolver a súa competencia comunicativa en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria, de modo que lle permitan desenvolverse na sociedade. Polo tanto, traballaremos os diferentes bloques de contido da materia tendo moi presente a meta de conseguir que o noso alumnado mellore as súas destrezas comunicativas.
O enfoque en todo momento será activo e creativo, partindo sempre dos coñecementos previos, para que a aprendizaxe sexa significativa. Por outra banda, este enfoque práctico levaramos a contextualizar sempre que sexa posible en situacións reais, nas que se observe a aplicabilidade das normas e dos saberes explicados na aula.
En definitiva, en 1.º da ESO sentaremos as bases para fortalecer a competencia comunicativa do alumnado, tanto na versión escrita coma na versión oral e acompañaremolo no seu crecemento como lectores e lectoras de literatura e de textos moi variados cos que se enfrontará na vida real.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 4 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 4 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 4 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | TES A MIÑA PALABRA | Nesta unidade abordaremos os diferentes elementos da comunicación (literaria e non literaria), afondando no aspecto multimodal do feito comunicativo, e achegarémonos á constitución básica da palabra. Asimesmo, explicaremos os principios que rexen a elaboración dun resumo. No marco da ortografía revisaremos a colocación dos signos de puntuación. Tamén daremos importancia a presentación dun texto escrito. | 10 | 11 | X | | |
| 2 | NADA É O QUE PARECE | Contrastaremos o texto oral e o texto escrito e fixarémonos na importancia de empregar conectores discursivos en ambas vertentes textuais. A continuación enlazaremos coa Semántica explicando o valor connotativo e denotativo das palabras e isto conduciramos á linguaxe literaria, que xoga constantemente co valor connotativo da linguaxe. | 10 | 11 | X | | |
| 3 | CÓNTAME UN CONTO | Realizaremos unha clasificación dos tipos de texto por su forma e afondaremos no feito de narrar e polo tanto na forma e contido dun texto narrativo. Reflexionaremos tamén sobre o sustantivo, palabra clave de calquera texto, e tamén sobre as palabras que o acompañan ou o substitúen: os determinantes e os pronomes. No eido da Semántica explicaremos a polisemia e perfeccionaremos o uso dos diccionario de diferentes tipos. Seguiremos coa revisión da ortografía, pero este é un contido | 10 | 11 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | CÓNTAME UN CONTO | transversal que se prolongará todo o curso. | 10 | 11 | X | | |
| 4 | COMO ES TI? | Achegarémonos ao texto decritivo e ao adxectivo como clase de palabra predominante nel.  Na Semántica explicaremos a sinonimia e a antonimia. A redacción de descricións levaranos a explicar algúns recursos literarios imporantes coma a metáfora, a comparación ou a personificación, tanto na prosa coma na lírica. Continuaremos coa revisión da ortografía e dos signos de puntuación. | 10 | 10 | | X | |
| 5 | CONVERSAR E RESPECTAR | O diálogo será o tipo de texto que abordaremos e xunto a el afondaremos no verbo como clase de palabra que empregamos nas nosas conversas. O diálogo  servirá de ponte para explicar as bases do debate como xénero discursivo oral planificado e ao teatro como xénero literario. No apartado de redacción aprenderemos a redactar un correo electrónico formal e no léxico explicaremos o eufemismo e o tabú. | 10 | 11 | | X | |
| 6 | MARCHAMOS DE VIAXE | Nesta unidade explicaremos o texto prescritivo e guiaremos ao alumnado na elaboración dunha pequena guía turística. En relación con este tipo de texto, explicaremos as nocións de préstamo e de estranxeirismo. No repaso das clases de palabra abordaremos as palabras invariables e seguiremos co repaso de ortografía. | 10 | 11 | | X | |
| 7 | ANÚNCIATE AQUÍ | O texto publicitario será o eixe desta unidade, a partir do cal abordaremos recursos da literatura lírica que tamén se usan no marco publicitario. Do mesmo xeito, a publicidade daranos paso a explicar o texto argumentativo. Na parte gramatical damos o primeiro paso cara a sintaxe, ao explicar suxeito, predicado, concordancia e tipos de predicado. | 15 | 16 | | | X |
| 8 | VIVA A DIVERSIDADE! | Ocuparémonos nesta unidade dos diferentes xéneros xornalísticos, enlazándoos con tipos de textos que se foron vendo ao longo do curso. Sobre todo afondaremos na noticia. Adentrarémonos nos diferentes medios de comunicación (prensa, radio, televisión) e valoraremos o seu impacto social. Á par explicaremos a variedade lingüística de España, incidindo no valor do respecto cara a diversidade e na gramática aproximarémonos ao CD e ao CI. O proxecto final desta unidade será | 25 | 24 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 8 | VIVA A DIVERSIDADE! | preparar un pequeno xornal de aula no que traballaremos en equipo. Este será o noso proxecto final, no que poñeremos en práctica todas as ferramentas desenvolvidas ao longo do curso. | 25 | 24 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | TES A MIÑA PALABRA | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | Identifica os diferentes códigos que entran en xogo nunha interacción comunicativa e identifica tamén a intención do emisor. | PE | 70 |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | É capaz de captar a ideas ideas principais dun texto e de expresalas coas súas propias palabras. | | |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Redacta ou explica oralmente textos con corrección ortográfica e gramatical, aplicando as normas básicas. | | |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Non comete os mesmos errores unha e outra vez e é capaz de mellorar a súa produción lingüística. | | |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | Interpreta correctamente o que le e é capaz de captar as ideas principais dun texto literario sinxelo. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Identifica a estrutura da palabra e é capaz de explicala establecendo compracións con outras unidades do mesmo nivel. Emprega a terminoloxía axeitada en cada caso. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais. | Expón unha narración oral con fluidez, empregando os conectores discursivos axeitados. | TI | 30 |
| CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística. | Colabora na elaboración de traballos en equipo con actitude activa e construtiva. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Fai un esquema básico ou borrador da súa narración escrita ou oral. | | |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social. | É capaz de traballar en equipo e chega a consensos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |
| - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. |
| - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. |
| - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. |
| - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. |
| - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |

| Contidos |
|---|
| - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.<br>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.<br>- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | NADA É O QUE PARECE | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | É capaz de identificar o sentido global dun texto de calquera tipo. | PE | 70 |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | Identifica os principais recursos nun texto literario e valora a súa adecuación á intención expresiva | | |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Emprega axeitadamente conectores dicursivos | | |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Le e comprende un texto literario e identifica o contido básico, así como os mecanismos literarios principais | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | É capaz de mellorar nas súas producións lingüísticas. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Explica correctamente e é capaz de poñer exemplos sobre o uso denotativo e connotativo da linguaxe. É capaz identificar eses dous mecanismos na linguaxe literaria. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Antes de redactar un texto ou de facer unha presentación oral elabora un guion previo | TI | 30 |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | É capaz de autorcorrixirse e de establecer cambios que melloran a súa produción lingüística | | |
| CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Comprende e aplica as diferentes estratexias dun texto oral e dun texto escrito. Redacta con corrección ortográfica e gramatical. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. |

| Contidos |
|---|
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.<br>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | CÓNTAME UN CONTO | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Comprende o contido esencial dun texto narrativo e é capaz de explicado | PE | 70 |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Redacta cun mínimo de corrección léxica e gramatical e a súa expresión é clara e fluida. | | |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Identifica os principais elementos do texto narrativo. | | |
| CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | Le de maneira activa e é capaz de establecer vínculos entre diferentes textos, descubrindo as características que comparten. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | É capaz de crear un texto narrativo seguindo os patrón propios deste xénero literario. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Comprende o concepto de polisemia, é capaz de identificalo nun texto e de poñer exemplos variados. | | |
| CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais. | Relata de maneira oral unha historia de carácter narrativo seguindo uns patróns de exposición oral en público. | TI | 30 |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | É consciente dos seus erros e busca solucións empregando ferramentas coma o diccionario. | | |
| CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Selecciona lecturas optativas e explícaas na aula mostrando as súas preferencias e gustos lectores. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. |
| - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |
| - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |
| - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. |
| - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e |

| Contidos |
|---|
| - ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.<br>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.<br>- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).<br>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | COMO ES TI? | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | Identifica o texto descritivo e explica as súas características | PE | 60 |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Crea textos descritivos empregando os mecanismos propios deste xénero textual. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Identifica o adxectivo como clase de palabra propio da descrición e explica correctamente o seu funcionamento gramatical. | | |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Identifica os erros e corríxeos empregando para iso ferramentas coma diccionarios ou manuais. | TI | 40 |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crea descricións literarias imitando outros modelos vistos na aula. | | |
| CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Mellora na maneira en que elabora as súas descricións e consulta as dúbias que se lle aparecen. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.<br>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.<br>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |

| Contidos |
|---|
| - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.<br>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.<br>- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.<br>- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | CONVERSAR E RESPECTAR | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | Identifica as ideas principais dun texto e a intención do emisor. | PE | 70 |
| CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica. | Nos debates axusta a súa linguaxe ao tema e á intención comunicativa. | | |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | Identifica os trazos principais dos textos literarios teatrais. | | |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Comprende e valora textos teatrais, prestando atención non só á forma, senón tamén ao seu contido. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Identifica os verbos nun texto e domina os tempos verbais de indicativo e subxuntivo. | | |
| CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística. | Participa nos debates de xeito construtivo e respectuoso. | TI | 30 |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social. | Emprega unha actitude conciliadora e dialogante na contraposición de opinións. | | |
| CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Crea un guion previo ás súas intervencións nun debate, e constrúe unha argumentación propia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.<br>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.<br>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |

| Contidos |
|---|
| - Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | MARCHAMOS DE VIAXE | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica. | Exprésase de xeito adecuado ao propósito comunicativo. | PE | 50 |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Sobre o xa escrito, é capaz de incluír melloras, con miras a lograr non só a perfección léxica e gramatical, senón tamén unha maior eficiencia comunicativa. | | |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual. | É creativo/a na na forma e no contido que logra no seu traballo final (guía turística). | | |
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | Identifica as ideas principais dun texto e a intención do emisor. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Identifica e explica as nocións de préstamo e estranxeirismo, así como as palabras invariables. | | |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información. | Busca información en fontes fiables. | TI | 50 |
| CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertenza en función dos obxectivos da lectura. | É capaz de discernir fontes de información fiables de cara a lograr un obxectivo. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Crea un borrador ben estruturado para planificar a súa "guía turística", colaborando co resto de membros do equipo. | | |
| CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. | É capaz de investigar de maneira autónoma, pero tamén en equipo, seleccionando axeitadamente a información e presentándoa con corrección tanto lingüística como estética. | | |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Mellora nas súas producións lingüísticas, tanto orais como escritas. | | |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social. | Traballa en equipo de maneira construtiva. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Incorpora técnicas literarias na elaboración do traballo de investigación para captar a atención do lector. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |

| Contidos |
|---|
| - Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. |
| - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |
| - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |
| - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. |
| - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. |
| - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.). |
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |
| - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | ANÚNCIATE AQUÍ | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica. | Identifica os mecanismos propios da publicidade estreitamente relacionados co propósito comunicativo. | PE | 60 |
| CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Crea anuncios publicitarios empregando unha linguaxe respectuosa e non discriminatoria. | | |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual. | Ten en conta a propiedade intelectual á hora de aproveitar recursos para a publicidade | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Identifica os recursos principais da lírica e é capaz de explicar os seus porqués. | | |
| CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explica os mecanismos empregados nun poema en termos de impacto estético. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Explica o concepto de oración e identifica o suxeito e o predicado, os núcleos de ambos e delimita o CD e o CI. | | |
| CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística. | Traballa en equipo de maneira construtiva na elaboración de anuncios publicitarios. | TI | 40 |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Revisa as súas producións lingüísticas, para detectar erros e mellorar tamén o seu estilo para lograr un maior impacto. | | |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social. | Amosa unha actitude dialogante e respectuosa cara os demais nos debates que se realizan na aula. | | |
| CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística. | Participa de xeito activo nos debates e nas interaccións na aula. | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | Valora e interpreta a súa obra de lectura e os textos que se levan a clase e é capaz de establecer vínculos entre eles. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crea un poema seguindo os moldes establecidos para este xénero literario. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|

| Contidos |
| --- |
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |
| - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. |
| - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. |
| - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |
| - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. |
| - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Xéneros discursivos do ámbito social: Produción de textos propios das redes sociais, e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital. |
| - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |
| - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. |
| - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. |
| - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. |
| - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora. |
| - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. |
| - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. |
| - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. |
| - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. |
| - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción. |

| Contidos |
|---|
| - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.<br>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.<br>- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).<br>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | VIVA A DIVERSIDADE! | 24 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns do seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Recoñece e respecta as linguas de España e as súas variedades. | PE | 65 |
| CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna. | Detecta os prexuízos lingüísticos e amosa unha actitude crítica ante eles. | | |
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Emprega nas súas producións lingüísticas un uso non discriminatorio da linguaxe e aplica estes principios na elaboración dos seus traballos. | | |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | Identifica as ideas principais dun texto e a intención do autor/a. | | |

<table>
<tr><th>Criterios de avaliación</th><th>Mínimos de consecución</th><th>IA</th><th>%</th></tr>
<tr><td>CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.</td><td>É capaz de identificar suxeito, predicado, CD, CI, atributo e complementos circunstanciais. Ademais clasifica as oracións pola súa modalidade e é capaz de facer construcións sintácticas guiadas. Aplica estas ferramentas gramaticais ás producións lingüísticas.</td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.</td><td>Critica de maneira construtiva usos orais multimodais para empregalos despois nas súas propias producións.</td><td rowspan="5">TI</td><td rowspan="5">35</td></tr>
<tr><td>CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.</td><td>Redacta con claridade e precisión un texto xornalístico.</td></tr>
<tr><td>CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.</td><td>Detecta os erros e corríxeos, empregando para iso ferramentas como diccionarios ou manuais.</td></tr>
<tr><td>CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.</td><td>Expón a súa experiencia lectora, manifestando a súa opinión e analizando os aspectos fundamentais da obra literaria.</td></tr>
<tr><td>CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.</td><td>Discrimina fontes de información fiables daquelas que non son fiables e aproveita os datos para a elaboración dos seus traballos de investigación.</td></tr>
</table>

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo.<br>- As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal.<br>- Iniciación á reflexión interlingüística.<br>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.<br>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.<br>- Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. |

| Contidos |
|---|
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. |
| - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |
| - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Xéneros discursivos do ámbito social: Produción de textos propios das redes sociais, e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital. |
| - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |
| - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. |
| - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. |
| - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. |
| - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora. |
| - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. |
| - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. |
| - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. |
| - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. |
| - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. |
| - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios. |
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |
| - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |
| - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e |

| **Contidos** |
|---|
| - concordancia. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Empregaremos sempre unha metodoloxía centrada no alumnado. A aprendizaxe será sempre significativa, activa e participativa. Fomentaremos a capacidade de aprender a aprender, e sempre que sexa posible contextualizaranse os contidos en situacións reais, para que o alumnado poida comprobar a aplicabilidade práctica do que se estuda na aula.
Á vista das enormes dificultades que presenta o noso alumnado no que se refire á expresión, traballaremos moito a redacción escrita, pero tamén a expresión oral.
Procuraremos traballar en equipo, de maneira cooperativa, pero son tres grupos de 25-28 alumnos/as que parecen mostrar bastante diversidade.
Por outra banda, incentivaremos a autonomía persoal e a capacidade crítica. O estudo da lingua e a literatura debe ser unha canle para formar ao noso alumnado como cidadáns e cidadás responsables e comprometidas co mundo no que viven.
De maneira moi especial prestaremos atención á lectura compartida, de textos moi diferentes para analizar a súa forma e tamén o seu contido e, en última instancia, para conectalo co mundo que nos rodea e chegar a unha interpretación crítica. Os textos literarios ocuparán un lugar importante porque é urxente fomentar o gusto por ler, para lograr que o noso alumnado vaia medrando como lectores e lectoras.
En último lugar, posto que buscamos unha metodoloxía activa e participativa, procuraremos que as novas tecnoloxías nos axuden neste aspecto. Así na aula empregaremos recursos como Kahoot, Educaplay, webquest, Xmind... Todos eles serán de gran axuda para fixar coñecementos, amplialos ou esquematizalos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| **Denominación** |
|---|
| - Libro de texto, editorial Mc Graw Hill (ISBN 978-84-486-1673-1), blog da materia www.mxfernandez.wordpress.com, aula virtual do centro, recursos TIC como Educaplay, Kahoot, Genially, Canva, dicionarios electrónicos (RAE), outros blogs de interese. |

Empregaremos o libro de texto da editorial Mc Graw Hill para 1.º ESO, pero este non será máis que o punto de partida, porque a clase a profesora levará outra material elaborado con ela mesma con textos, exercicios, repasos, documentos audiovisuais etc.
Todo este material irase colgando na aula virtual. Esta plataforma servirá tamén como espazo no que se colgarán avisos, datas de exames, ou calquera outro recurso que poida ser de axuda para a clase. O libro, a libreta e aula virtual serán os tres elementos complementarios de traballo.
En relación ás lecturas obrigatorias e optativas, procuraremos sempre colaborar coa biblioteca para que esta sexa unha fonte máis de recursos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En 1.º ESO é de vital importancia a detección de problemas e de lagoas a comenzo de curso. É urxente coñecer o punto de partida do alumnado para cubrir os baleiros que se arrastran de Primaria. Por iso será fundamental a colaboración co Departamento de Orientación, xunto coa realización dunha avaliación inicial que se levará a cabo nas primeiras semanas de curso. Esta avaliación debe centrarse sobre todo en elementos competenciais básicos, e non en conceptos abstractos e memorísticos de cursos anteriores. Os procedementos que se utilizarán nesta avaliación

inicial serán os seguintes:
- Breve exposición oral de cada alumno/a, na que debe presentar a sí mesmo. Durante esta actividade tomarase nota da súa competencia oral.
- Redacción sobre un tema dado de antemán, para valorar a competencia en expresión escrita.
- Proba de compresión escrita, baseada nun texto breve e atractivo para que o alumnado identifique ideas principais, resuma o texto e responda a preguntas de comprensión e de contidos esenciais de gramática. Tamén con preguntas breves do falado e feito nas primeiras sesións (para ver a atención e a adaptación ás técnicas de aprendizaxe utilizadas).

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **15** | **25** | **100** |
| **Proba escrita** | 70 | 70 | 70 | 60 | 70 | 50 | 60 | 65 | **64** |
| **Táboa de indicadores** | 30 | 30 | 30 | 40 | 30 | 50 | 40 | 35 | **36** |

**Criterios de cualificación:**

La evaluación será continua y formativa, y nos ayudará a localizar, valorar e interpretar las necesidades pedagógicas que puedan surgir a lo largo del proceso de enseñanza-aprendizaje.
En cada evaluación se harán al menos dos pruebas escritas para sopesar el dominio de la materia por parte del alumnado y así valorar sus avances.
Para evaluar al alumnado de 1.º ESO tendremos en cuenta:
- La actitud que se muestra en clase hacia la materia.
- La asistencia y el trabajo en el aula.
- La realización de tareas que son encomendadas para su elaboración fuera de la clase.
- La expresión oral y escrita.
- La elaboración de trabajos individuales o colectivos.
- La exposición oral de temas en el aula.
- Los resultados de las pruebas escritas.
- La lectura obligatoria de libros y la realización de controles o de trabajos sobre los mismos.

Los instrumentos que se utilizarán son:
- El cuaderno de trabajo en el que deberán figurar todos los ejercicios, con las correcciones oportunas.
- Las explicaciones orales a partir de un guion previo.
- Diferentes ejercicios de expresión escrita: relatos de experiencias personales, cartas, notas, avisos, relatos breves, pequeños trabajos de investigación etc.
- Pruebas escritas de carácter objetivo.
- Pruebas online.
- La prueba de lectura para el libro propuesto cada trimestre.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN
La calificación de cada evaluación se hará en función del siguiente baremo:
- PRUEBAS ESCRITAS: 70% (se realizarán al menos dos pruebas por trimestre).
- CONTROL DEL TRABAJO DE AULA Y DE CASA: 20%
- LECTURA OBLIGATORIA: 10%

NOTA FINAL ORDINARIA: La nota final se hallará tras obtener la media ponderada de las tres evaluaciones:
- PRIMERA EVALUACIÓN: 30%

- SEGUNDA EVALUACIÓN: 30%
- TERCERA EVALUACIÓN 40%

ACLARACIONES DE IMPORTANCIA EN RELACIÓN AL PROCESO DE EVALUACIÓN:
- En la nota ordinaria final se redondeará al alza a partir de las 0,5 décimas (esto es, un 4,5 será un 5, pero un 4,4 será un 4).
- Para hallar la nota final ordinaria se tomará la nota media exacta de cada evaluación (en caso de que no se haya redondeado al alza). En caso de haber redondeado al alza, se tomará como referencia la nota redondeada. En todo caso, se buscará el beneficio del alumno/a.
- Para hallar la nota de cada una de las tres evaluaciones parciales se redondeará al alza a partir del 0,75.
- Se obtendrá el aprobado cuando la media ponderada entre las tres evaluaciones sea igual o superior a 5.
- Si un alumno/a no puede asistir a un examen deberá justificarlo debidamente, en ese caso se le hará en otra fecha una prueba equivalente, que, en ningún caso, será idéntica a la de sus compañeros.
- Si se detecta que un alumno/a está copiando durante un examen, se le retirará y su nota será de 0. Se repetirá cuando la profesora lo considere oportun

* Los criterios de evaluación establecidos para 1.º ESO serán explicados por la profesora encargada de la materia, entregado a los alumnos/as y colgado en el aula virtual para darle la máxima difusión. No obstante, la profesora responsable puede modificarlos en función de las características del grupo, siempre y cuando se lo haga saber a su alumnado y al resto de los miembros del Departamento.

**Criterios de recuperación:**

PROCEDIMIENTO DE RECUPERACIÓN:
- La primera evaluación se recuperará automáticamente si se aprueba la segunda evaluación, puesto que los contenidos más importantes del primer trimestre volverán a ser objeto de seguimiento en la segunda parte del curso.
- En el mes de junio, se realizará un proceso de recuperación global para aquel alumnado que tenga dos de las tres evaluaciones suspensas o la tercera evaluación suspensa (por considerarse que esta evaluación cuenta con un peso muy elevado de contenidos progresivos). También podrá entregar todos los trabajos del curso que no hubieran superado (libreta, trabajos...), así como los libros de lectura. La profesora podrá seleccionar aquello que le parezca más oportuno de cada evaluación.
- Aparte de los resultados obtenidos en las pruebas de recuperación, para valorar si un alumno/a recupera o no se tendrá en cuenta su evolución y se considerará de manera muy positiva que haya mejorado a lo largo del curso y que haya mostrado esfuerzo, dedicación e interés.  Y como se ha señalado, el alumnado que tenga que asistir a esta prueba tendrá la oportunidad de  entregar los trabajos, tareas del curso que no hubiera superado, así como los libros de lectura. Este material (que podrá ser seleccionado por la profesora) se tendrá en cuenta para la nota final (en el 20% de tareas de clase y 10% libro).

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En 1.º de ESO o alumnado non ten materias pendentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención a diversidade en 1º de ESO é especialmente importante. Polo que necesitamos traballar man a man co Departamento de Orientación, o cal ten que ternos informados do expediente académico e os informes que cada alumno/a traia consigo e que guiará a nosa intervención.
Os datos recabados na avaliación inical, xunto coa información aportada polo Departamento de Orientación, encaminará a tomar as medidas necesarias, tanto xerais como específicas.
Para lograr unha maior atención a diversidade, existe un grupo de reforzo no que podremos traballar co alumnado que presente máis dificultades de maneira máis adecuada as súas necesidades, adaptando os contidos, o ritmo de ensinanza e as actividades, cumplindo sempre cos obxectivos mínimos que marca a materia.
Así mesmo traballaremos desde un enfoque por competencias, na que a linguaxe enténdese como un instrumento de representación, interpretación e comprensión da realidade e desde o que se fomente a autonomía, a iniciativa persoal e a creatividade.
MEDIDAS XERAIS
Destinadas a todos os alumnos e alumnas formalizaranse en tres niveles: na programación, na metodoloxía e nos materiais empregados.
-Atención á diversidade na programación: teranse en conta todos aqueles contidos nos que o alumnado mostra un nivel menos homoxéneo reforzando os contidos necesarios para alcanzar a uniformidade.
- A través da avaliación inicial observarase a presenza de necesidades educativas e de ritmos de aprendizaxe diferentes, polo que se contemplarán actividades de dificultade gradual que permitirán ao alumnado desenvolver unha aprendizaxe autónoma e adaptada ao seu ritmo e forma de traballo.
-Atención á diversidade na metodoloxía: prestarase especial atención ao ensino do léxico e ao ensino da expresión oral e escrita atendendo ao momento de partida de cada alumno/a, ás súas dificultades específicas e á súa zona de desenvolvemento próximo. Tentarase traballar en equipo, aproveitando a diversidade de capacidades, para conseguir que o alumnado se axude e apóiese.
-Atención á diversidade nos materiais utilizados: en función das necesidades do alumnado recorrerase a distintos materiais, concretados en actividades específicas en cada unidade didáctica: actividades de reforzo para os que non alcancen os obxectivos propostos e actividades de ampliación para aqueles que dominan os obxectivos mínimos e teñen un ritmo de aprendizaxe máis rápida. Sempre que sexa adecuado, acudirase ao emprego das TIC. Na aula virtual iranse colgando actividades de reforzo ou de ampliación que permitirán traballar a práctica, así como aclarar a parte teórica. Cando non sexa posible corrixir en clase as actividades, colgaranse tamén as solucións para que o alumnado se autocorrixa.
MEDIDAS ESPECÍFICAS
-Medidas de reforzo educativo realizadas polo docente tendo en conta aspectos non prescritivos do currículo (secuenciación dos contidos, formas e instrumentos de avaliación...).
-Adaptacións curriculares individualizadas elaboradas en colaboración co Departamento de Orientación tomando en consideración as características concretas do alumno/a afectado/a. Para o seguimento do alumnado con ACS resulta especialmente importante a cooperación e coordinación efectiva co Departamento de orientación e, en concreto, co profesorado de Pedagoxía terapéutica que se ocupa do mesmo cando abandona a aula de referencia. Neste sentido o Departamento considera esencial a planificación conxunta con este profesorado do proceso de desenvolvemento e seguimento da ACS en canto ao establecemento de obxectivos prioritarios, a selección e desenvolvemento dos exercicios e actividades que se propoñan, e a aplicación dos instrumentos e criterios de avaliación correspondentes. Unha adecuada coordinación debería permitir unha aprendizaxe continuada tanto nas sesións fose da aula de referencia como naquelas que se desenvolven nesta, conseguindo deste xeito unha integración efectiva, tanto social como académica, deste alumnado no grupo, algo que non sempre é fácil.
- Darase resposta individualizada aos posibles alumnos/as que presenten sobredotación intelectual, así como a aqueles que procedan de minorías étnicas e/o culturais. A sobredotación intelectual dun alumno/para deberá ser acreditada mediante a avaliación psico-pedagóxica correspondente, na cal deberá preverse que a medida de flexibilización do período de escolarización é adecuada para o desenvolvemento do equilibrio persoal e da súa socialización.
- O alumnado con TDA e TDAH, así como o alumnado que presente dificultades de lecto-escritura recibirá unha atención especial, seguindo sempre as pautas que marca o protocolo de atención específica a este tipo de situacións.
- Este curso 23-24, a partir do primeiro trimestre, proporase (igual que o curso anterior) levar a cabo a intervención do profesorado de Pedagoxía Terapéutica e de Audición e linguaxe dentro da aula de referencia sempre que sexa posible.
REFORZO EDUCATIVO:
O alumnado de 1.º ESO que a xuízo do Equipo de orientación e da xunta de avaliación necesita apoio en Lingua terá

dúas horas de reforzo. Neste grupo reducido, farase unha atención personalizada ás necesidades de cada alumno/a e traballaranse aqueles aspectos que necesiten ser reforzados, adaptando os tempos e as actividades realizadas ás necesidades do alumnado.
Para terminar, insistimos na importancia da estreita colaboración que leva a cabo entre o Departamento de Lingua e Literatura e o Departamento de Orientación. A pesar de non contar cun horario específico de reunión dentro do horario, na práctica realizamos reunións constantes todas as semanas para realizar un seguimento personalizado do alumnado. Ademais, sometemos a nosa metodoloxía a unha constante avaliación, co fin de lograr a máxima efectividade, a pesar dos poucos recursos humanos dos que dispoñemos (unha docente PT e un docente AL ).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación para a convivencia | X | | | | X | | | X |
| ET.2 - Educación para a paz | | | | | X | | | X |
| ET.3 - Educación para o consumo | | | | | | | X | |
| ET.4 - Educación para a igualdade entre sexos | | X | | | X | | X | |
| ET.5 - Educación ambiental | | | | X | | | | X |
| ET.6 - Educación multicultural | | | X | | | X | | X |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| CLUB DE LECTURA | Co alumnado interesado na lectura organizaremos un club de lectura no que fomentaremos a aproximación á literatura. Nel aprenderemos a dialogar sobre as lecturas que facemos, poñendo en valor a súa forma, pero, sobre todo, o seu contido. Intentaremos sempre que sexan lecturas das que obter unha lección e que, pouco a pouco, nos fagan ir medrando como lectores. Organizamos esta actividade en colaboración coa biblioteca escolar. | X | X | X |
| ACTIVIDADES DATAS ESPECIAIS | Samaín, día da muller, día da poesía, día do libro... | X | X | X |

**Observacións:**
- Vinculadas ao Club de lectura faremos diferentes saídas e organizaremos tertulias literarias con outros centros e encontros cos escritores/as.
- Intentaremos realizar saídas culturais e actividades culturais vinculadas a determinadas datas (Por exemplo: "coñece o teatro da túa cidade", "que locura a literatura" o día do libro, "regala poemas" o día da poesía...

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Fundamenta legalmente los contenidos, criterios de evaluación y los objetivos de la programación |
| Los instrumentos y los criterios de evaluación son equilibrados y proporcionados |
| Presenta suficiente flexibilidad y permite hacer modificaciones y rectificaciones en cualquiera de sus aspectos para la resolución de situaciones excepcionales. |
| Metodoloxía empregada |
| Establece contenidos minimos  para la evaluación del alumnado y hace depender de esos contenidos la organización de los instrumentos de evaluación |
| Establece relaciones entre los contenidos, ofreciendo una visión orgánica del hecho lingüístico. |
| Evalúa adecuadamente la competencia comunicativa, tanto en su vertiente oral como escrita, así como los conocimientos teóricos y prácticos exigidos. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Tiene en consideración la condición sociocultural y sociológica de alumnado del centro y de sus familias |
| Integra diferentes recursos didácticos para dinamizar las clases |
| Medidas de atención á diversidade |
| Presta atención a la diversidad, tanto a alumnado con dificultades, como al alumnado de excelencia académica. |
| Proporciona medios de recuperación y refuerzo al alumnado con dificultades en el seguimiento de la materia. |
| Clima de traballo na aula |
| Permite el tratamiento integrado de temas transversales. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Abre la puerta al a colaboración con proyectos de otros departamentos. |
| Outros |
| Atiende al fomento de la lectura, también fuera del marco de la clase. |

**Descrición:**

É importante valorar se a programación docente cumpriu coas súas expectativas. Os indicadores de logro sinalados atenden tanto aos contidos, á metodoloxía e á avaliación. Unha programación ha de ser o suficientemente versátil como para acomodarse aos cambios que se producen curso tras curso e ha de adaptarse as diferentes circunstancias.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Co fin de realizar un seguimento da temporalización dos contidos, así como a aplicación dos distintos criterios de avaliación, cualificación ou metodolóxicos, a programación estará sometida á supervisión continuada dos membros do Departamento, quen, desde as reunións periódicas semanais, avaliarán os problemas de adaptación e desenvolvemento dos diferentes aspectos que compoñen esta programación e propoñerán solucións aos mesmos.
Estas propostas faranse constar en acta de Departamento e aplicaranse sempre que sexan necesarias.

## 9. Outros apartados